



MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

INSTITUTO DE ESTUDOS ULLOÁNS (IEU)

MEMORIA DE ACTIVIDADES 2024

INTRODUCCIÓN

Obxectivos do IEU: o estudo, a divulgación e a protección do patrimonio cultural da Ulloa.

Área de actuación: comarca da Ulloa, constituída polos concellos de Monterroso, Palas de Rei e Antas de Ulla.

Sede social: Monterroso (Lugo).

Comunicación:

Web: www.ieu.gal

Redes sociais: es-es.facebook.com/ieulloa/

Contacto:

email: institutoulloa@gmail.com

tfno: 609760169

Socios:

Socios numerarios: 172.

Socios institucionais: Concello de Monterroso, Concello de Palas de Rei, Concello de Antas de Ulla, IES de Monterroso e IES do Camiño de Palas de Rei.

Socios protectores: empresas Gadisa, Campomayor e Jimsports.

Socios honorarios: Xesús Alonso Montero, Carlos Méndez Vázquez.

XUNTA DE GOBERNO 2024		
CARGO	NOME	Concello
Director	X. Francisco Pardo Teijeiro	Palas de Rei
Vicedirector	Jesús Otero Calvo	Monterroso
Secretaria	Hilda García Cabanas	Antas de Ulla
Administrador	Xosé Luís Santiso García	Antas de Ulla
Vogal nº 1	Braulio Vilariño Varela	Palas de Rei
Vogal nº 2	María José Gómez Alvite	Palas de rei
Vogal nº 3	Xurxo Mouriño Lourido	Antas de Ulla

COORDINADORES/AS DE SECCIÓN 2024		
SECCIÓN		COORDINADORES/AS
1	Historia, Arqueoloxía e Etnografía	Mª José Gómez Alvite
2	Filoloxía, Literatura e Toponimia	Fernando García Penas Andrea Santiso Arias
3	Actividades artísticas e musicais, Gastronomía	Braulio Vilariño Varela
4	Ciencias, Medio ambiente e Educación ambiental	Xurxo Mouriño Lourido
5	Xeografía, Arquitectura, Urbanismo e Paisaxismo	Rubén Lois González Divina Pérez Viña
6	Audiovisuais Fotografía e Arquivo fotográfico e fonográfico	Patricia Coucheiro González Susana Varela Negro
7	Biblioteca e Arquivo documental	
8	Sala de exposicións, Visitas guiadas e Voluntariado	Braulio Vilariño Varela
9	Museo Etnográfico da Ulloa	Mª José Gómez Avite
10	Economía	Juan Fernando Salgado
	Comisión de Comunicación	Francisco Pardo Teijeiro Hilda García Cabanas
	Comisión Redacción de Cairón	Daniel Salgado García
	Comisión corrección publicacións	Mª José Gómez Alvite
	Comisión de Xestión do Centro de Interpretación Monterroso Vila de Feiras	Mª José Gómez Avite
	Comisión Monte Farelo	Xulio Cuba Orosa

ACTIVIDADES DESENVOLVIDAS POLO IEU EN 2024 **SEGUNDO AS SECCIÓNS:**

COLABORACIÓNS CON ASOCIACIÓNS E INSTITUCIÓNS

- Colaboración coa asociación *Os Lobos* (Orde das Donas e Cabaleiros do Priorato de Vilar das Donas) na elaboración dun logo conmemorativo dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas co lema “800 anos ao pe do Camiño”. Xaneiro 2024.
- Colaboración coa asociación de estudos do románico *O Sorriso de Daniel* na elaboración do calendario 2024 dedicado á conmemoración dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas.
- Apoio aos concellos de Antas de Ulla, Palas de Rei, Navia de Suarna e Sobrado dos Monxes para crear unha *Agrupación de Municipios* co fin de proxectar e desenvolver un Plan de Rehabilitación de Vivendas no rural. Abril de 2024.
- Colaboración coa asociación *Cuarto Mundo* na acollida e organización de traballos de investigación dos estudantes da Facultade de Educación da Universidade da Coruña. Palas e Antas e Monterroso, 8 e 9 de abril de 2024.
- Apoio ao proxecto de Filmersión *Contos do teu pobo* dirixido por Iago de Sant. Abril de 2024.
- Adhesión ao *Movemento Cívico Campus Lucense* impulsado pola Federación de Asociacións de Veciños Lucus Augusti e Galicia Baleira.
- Colaboración con *ATLÁNTICA, Festival Internacional de Narración Oral* dirixido por Soledad Felloza. Vilar de Donas, 6 de Xullo de 2024.
- Colaboración con *Noite das Donas*, organizada coa asociación *Os Lobos. Orde dos Cabaleiros e Donas do Priorato de Vilas das Donas*. Igrexa románica de San Salvador de Vilar de Donas (Palas de Rei). 7 e 13 de xullo de 2024.

HISTORIA, ARQUEOLOXÍA E ETNOGRAFÍA

- Solicitud á *Sociedad Estatal Correos* da edición dun selo conmemorativo dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas, Monumento Nacional dende 1931. Xaneiro de 2024.
- Solicitud á *Fábrica Nacional de Moneda y Timbre - Real Casa de la Moneda (FNMT)* da edición dunha moeda conmemorativa dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas. 8 de xaneiro de 2024.
- Participación do IEU na xornada *O futuro dun legado. Encontro do asociacionismo cultural galego a cen anos do Seminario de Estudos Galegos* organizada polo *Museo do Pobo Galego* en San Domingos de Bonaval. Compostela, 1 de xuño de 2024.
- Solicitud á *Sociedad Estatal Loterías y Apuestas del Estado* a edición dun décimo conmemorativo dos 800 anos da Igrexa de San Salvador de Vilar das Donas. Editado o xoves 15 de agosto de 2024.
- Organización da Mesa redonda *Acollida aos refuxiados*, coas intervencións de M^a Isabel Rodríguez López, Subdelegada do Goberno en Lugo; Catalina Trobal Sbert, coordinadora do dispositivo de Axuda Humanitaria en Monterroso; Francisco Pardo Teijeiro, director do IEU; Xosé Luis Santiso, presentador do acto. Monterroso, 4 de outubro de 2024.

FILOLOXÍA, LITERATURA E TOPONIMIA

- Presentación do libro de Xosé Manuel Lobato *Natureza, camiños, emocións*, coas intervencións de Pilar García Porto, alcaldesa de Antas de Ulla; o autor do libro; o escritor e tradutor Francisco Xavier Senín, e, representando ao IEU, Xaime Rodríguez Ouro. Igrexa de San Xoán de Antas de Ulla, 6 de abril de 2024.
- Xornada de conmemoración do *Día das Letras Galegas*. Acto coordinado por Fernando García Penas. Coas intervencións de Andrea Santiso (relatorio en torno á figura literaria de Luisa Villalta), Fernando García Penas, Xosé Lois García, M^a José Gómez Alvite, Paco Ledo, Toño Núñez, Xosé Luis Otero Cebral, Xosé Luis Santiso, Ana Vila Portomeñe, Braulio Vilariño, Marisa Dapereira e Toño Núñez. Castelo de Pambre, 17 de maio de 2024.
- Presentación da novela histórica de Carmen Blanco Sanjurjo *Gorriones y halcones. El viento en la piedra*, coas intervencións da autora do libro, o director do IEU, Francisco Pardo, e os actores Tania Villamarín e José Blanco. Castelo de Pambre, 21 de decembro de 2024.
- Presentación de *Cairón nº 7* en Palas de Rei, coas intervencións de Carmen Rodríguez del Toro, médica psiquiatra, autora do artigo “Bernardino Pardo Ouro, un xinecólogo palense na historia da medicina de Galicia”; Xosé Luís Otero Cebral, escritor e etnógrafo, autor do artigo “Os pelegríns, protagonistas no EcceHomo”; Braulio Vilariño, coordinador de exposicións do IEU; e Francisco Pardo Teijeiro, director do IEU. Palas de Rei, 27 de xaneiro de 2024.

- Presentación de *Cairón nº 7* en Monterroso, coas intervencións de Xesús Alonso Montero, sociolingüista ex presidente da Real Academia Galega; Gregorio Ferreiro, filólogo; Jesús Otero Pereiras, historiador; María José Gómez Alvite, filóloga e historiadora; Francisco Pardo, director do Instituto de Estudos Ulloáns; e Eloy Pérez Sindín, alcalde de Monterroso. Monterroso, 20 de xaneiro de 2024.

- Presentación de *Cairón nº 7* en Antas de Ulla, presentado o acto polo poeta seonés Xosé Luis Santiso, coas intervencións de Pilar García Porto, alcaldesa de Antas de Ulla e responsable da área de Promoción do Territorio e Turismo da Deputación de Lugo; Paula Carballeira, escritora e actriz; Teresa Batán, bibliotecaria e dinamizadora cultural; Xulio Cuba, historiador; Francisco Pardo, director do IEU, e Vanesa Ferreiro, actriz. Antas de Ulla, 13 de xaneiro de 2024.

ACTIVIDADES ARTÍSTICAS E MUSICAIS, GASTRONOMÍA

-Interpretación da actriz Vanesa Ferreiro dun fragmento de *Acto único. Un cabaré do máis normal*, obra teatral inédita escrita por Paula Carballeira e cedida pola autora para a súa publicación en *Cairón nº 7*. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 13 de xaneiro de 2024

-Inauguración no castelo de Pambre da exposición de Peter Kramer *Nos*, coas intervencións de Alicia López, concelleira representante do Concello de Palas de Rei; Peter Kramer; os galeristas Manolo Eirín e Braulio Vilariño, e o director do IEU, Francisco Pardo. 24 de febreiro de 2024.

-Interpretación de obras para violín e requinta de Fátima de la Iglesia, na presentación do libro de Xosé Manuel Lobato *Natureza, camiños, emocións*. Antas de Ulla, 6 de abril de 2024.

-*Cancións e poemas musicados* interpretados pola acordeonista meirense Marisa Dapereira e polo poeta naviego Toño Núñez no acto de *Commemoración das Letras Galegas*. Castelo de Pambre, 17 de Maio de 2024.

-Inauguración no Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo da segunda exposición do proxecto da sección de Audiovisuais do IEU *Corcosendo*, coas intervencións de Iria Castro, responsable da Área de Cultura da Deputación de Lugo; Encarna Lago, xestora da Rede de Museos provinciais; Francisco Pardo, director do Instituto de Estudos Ulloáns; e Susana Varela, copromotora do proxecto e coordinadora da exposición. Lugo. 18 de maio de 2024.

-Visita guiada pola cidade de Lugo, percorrido polas rúas recuperando en espazos clave a memoria oral do oficio da costura mediante a aplicación móbil de xeolocalización *Arquitecturas da memoria*, deseñada para o *Proxecto Corcosendo*. Lugo, dispoñible a partir do 18 de maio de 2024.

-Actuación do grupo *Zoelas* interpretando o tema *Corcosendo* na presentación do *Proxecto Corcosendo* no Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo. 18 de maio de 2024.

-Performance de Helena Salgueiro na presentación do *Proxecto Corcosendo* no Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo. 18 de maio de 2024.

-Inauguración no castelo de Pambre da terceira exposición de *Corcosendo*, coas intervencións de Patricia Coucheiro e Sara Coego, coordinadoras do proxecto *Corcosendo*, Braulio Vilariño, coordinador de exposicións do IEU, e Francisco Pardo, director do IEU. 23 de agosto ao 16 de novembro de 2024.

-Actuación do grupo *Zoelas* interpretando o tema *Corcosendo* na presentación do libro *Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa*. Antas de Ulla, 16 de novembro de 2024.

-Interpretación da actriz Aida Cobas (Loia Producións) de fragmentos da obra *María Visitación Consolación Amadora*, baseada en textos do *Proxecto Corcosendo*. Casa de Cultura de Antas de Ulla, 16 novembro 2024.

-Inauguración no castelo de Pambre da exposición do pintor colombiano Luis Antonio Sánchez León *Roubar o Soño*. Coas intervencións Braulio Vilariño, coordinador da exposición; Ralf Jürgens, fundador da residencia de artistas *Do Picho*; o pintor Luis Antonio Sánchez León; e Francisco Pardo, director do IEU. Pambre, 23 novembro de 2024.

-Representación de escenas de destacados persoeiros do século XV, interpretadas polos actores Tania Villamarín e José Blanco na presentación da novela histórica *Gorrións e halcones. El viento en la piedra*. Castelo de Pambre, 21 de decembro de 2024.

CIENCIAS, MEDIO AMBIENTE E EDUCACIÓN AMBIENTAL

-Elaboración e publicación do informe *Resumo dos efectos sobre a biodiversidade da ocupación para uso industrial dunha parcela de aprox. 366 ha nas parroquias de Remonde e Ramil (Palas de Rei)*, por Xurxo Mouriño, coordinador da Sección de Medioambiente do IEU. (<http://ieu.gal/informe-acerca-dos-efectos-sobre-biodiversidade-da-instalacion-da-fabrica-de-altri/>) 12 de febreiro de 2024.

-Alegación, do IEU, ante Augas de Galicia, ao procedemento ambiental e captación de augas da fábrica de pasta de celulosa de Altri (<http://ieu.gal/alegacion-ieu-ao-procedemento-ambiental-e-captacion-de-augas-da-fabrica-de-celulosa-de-altri-presentada-o-27-de-febreiro-de-2024/>). 27 de febreiro de 2024.

-Presentación do calendario 2024 *Fauna da Finca de Quintas*. Presentado pola promotora Hilda García Cabanas e o coordinador da sección de Medioambiente Xurxo Mouriño. IES do Camiño, Palas de Rei. 4 de marzo de 2024.

- Alegación do IEU, ante a Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Economía e Industria, ao proxecto industrial de Greenfiber, na que solicitou rexeitar o seu estudo de impacto ambiental (EIA) polo seu baixo rigor técnico, resolver unha declaración negativa, denegar a autorización ambiental integrada (AAI) e anular a declaración de utilidade pública do proxecto, así como a protección efectiva da zona afectada para evitar calquera tipo de urbanización ou ben a transformación substancial dos hábitats naturais e seminaturais existentes. (<http://ieu.gal/alegacions-ieu-ao-proxecto-industrial-de-greenfiber-presentadas-o-17-de-abril-de-2024/>). 17 de abril de 2024.

-Solicitud a Deputación de Lugo da compra da Finca de Quintas de Palas de Rei onde se proxecta instalar a fábrica de pasta de celulosa de Altri. 23 de marzo de 2024.

-Manifesto do instituto de estudos ulloáns contra a instalación da fábrica de pasta de celulosa de Altri en Palas de Rei. Publicado o 30 de abril de 2024 con ampla difusión nos medios de comunicación. (<http://ieu.gal/manifesto-ieu-contra-instalacion-da-fabrica-de-celulosa-de-altri-en-palas-de-rei/>).

-Participación do IEU, como asociación da comarca da Ulloa, nas manifestacións en contra da instalación da fábrica de pasta de celulosa de Altri celebradas en Palas de Rei (26 maio 2024), Santiago de Compostela (30 xuño 2024) e Santiago de Compostela (15 decembro 2024).

-Excursións botánicas para o estudo da flora da Ulloa organizadas en 2024 polo biólogo e consultor medioambiental Xurxo Mouriño : (<http://ieu.gal/flora-da-ulloa/>)

-Excursión á Cunca alta do río Ferreira, San Xurxo de Augas Santas (Palas de Rei). 24-3-2024.

AUDIOVISUAL

-Aplicación móbil de xeolocalización *Arquitecturas da memoria*, deseñada para o Proxecto *Corcosendo* polo Colectivo Agrocuir, a Cooperativa Indaga e a Aula das artes da Universidade Carlos III. Presentación no Pazo de San Marcos de Lugo o 18 de maio de 2024.

-Proxección da videocreación de Xabier Mailán *As mans núas de quen nos vestiu* (Proxecto *Corcosendo*). Pazo de San Marcos da Deputación de Lugo. 18 de maio ao 31 de xullo de 2024.

- Presentación do proxecto *Corcosendo* nas XIII Xornadas pedagóxicas da RMP de Lugo. Presentado polas coordinadoras da Sección de audiovisuais do IEU Patricia Coucheiro e Susana Varela. Lugo, 30 de maio de 2024.

- Presentación do proxecto *Corcosendo* no VII Foro de Cultura e ruralidades. organizado polo Ministerio de Cultura. Presentado por Patricia Coucheiro, coordinadora da Sección de audiovisuais do IEU. Torrosa (Terres de l'Ebre, Tarragona). 4, 5 e 6 de xuño de 2024.

-Proxección da videocreación de Xabier Mailán *As mans núas de quen nos vestiu*. Castelo de Pambre. 23 de agosto ao 16 de novembro de 2024.

-Proxección da videocreación de Xabier Mailán *As mans núas de quen nos vestiu*. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 16/11/2024.

-Presentación do libro *Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa*. 3º volume da colección *Ulloa Audiovisual*, coas intervencións de Pilar García Porto, alcaldesa de Antas; Patricia Coucheiro coordinadora do libro; Verónica Ramilo, artista téxtil; Xosé Luis Santiso, directivo do IEU, e Xosé Antón Ledo, asesor da Área de cultura da Deputación de Lugo. Casa da Cultura de Antas de Ulla, 16 de novembro de 2024.

BIBLIOTECA E ARQUIVO DOCUMENTAL

- Ampliación dos fondos da *Biblioteca da Ulloa*.
- Adquisición de librerías para a biblioteca (con subvención da Deputación de Lugo).
- Proposta ao Concello de Antas de Ulla de dedicación da Casa da Cultura á bibliotecaria e dinamizadora cultural Teresa Batán, pasando a denominarse *Casa da Cultura de Antas de Ulla "Teresa Batán"*. Setembro 2024.

EXPOSICIÓNS

- Sala de exposicións do castelo de Pambre (<http://ieu.gal/exposicions/sala-1-castelo-de-pambre/>) cedido o seu uso polo concello de Palas de Rei:
 - *Nos*. Exposición de Peter Kramer, comisariada polo deseñador e galerista coruñés Manolo Eirín e coordinada polo galerista do IEU Braulio Vilariño. 24 de febreiro ao 14 do abril de 2024.
 - *Corcosendo*. Terceira exposición do proxecto da sección de Audiovisuais, Fotografía e Arquivo Fotográfico e Fonográfico do IEU. Comisariada por Patricia Coucheiro, Susana Varela, Sara Coello e Antía Montes. Fotografías de costureiras entrevistadas pola artista téxtil Verónica Ramilo. 23 de agosto ao 16 de novembro de 2024.
 - Roubar o Soño*. Exposición do pintor colombiano Luis Antonio Sánchez León. Organizada polo Instituto de Estudos Ulloáns e a residencia de artistas *Casa do Picho* de Palas de Rei. Coordinación e montaxe: Braulio Vilariño e Sánchez León. 23 novembro de 2024 ao 11 de xaneiro de 2025.
- Sala de exposicións do Pazo de San Marcos, Deputación de Lugo (<http://ieu.gal/outras-salas/>):
 - *Corcosendo*. Segunda exposición do proxecto da sección de Audiovisuais, Fotografía e Arquivo Fotográfico e Fonográfico do IEU. Comisariada por Patricia Coucheiro, Susana Varela, Sara Coello e Antía Montes. Fotografías de costureiras entrevistadas pola artista téxtil Verónica Ramilo. Pazo de San Marcos, Lugo. 18 de maio ao 31 de xullo de 2024.

LABOR EDITORIAL

- Publicación do calendario 2024 *Fauna da Finca de Quintas*, promovido por Hilda García Cabanas e coordinado por Xurxo Mouriño, con textos de Xurxo Mouriño e Cristina Varela e debuxos dos alumnos/as do IES do Camiño. Xaneiro de 2024.
- Publicación na web do IEU do poema de Manuel Busto *Que no me toquen o Ulla!!* (<http://ieu.gal/que-non-toquen-o-ulla-poema-de-manuel-busto/> 28/2/2024)

-Publicación do libro *Corcosendo. A memoria das costureiras da Ulloa*. 3º volume da colección *Ulloa Audiovisual*. Textos e imaxes de Patricia Coucheiro, Sara Coello, Antía Montes, Susana Varela, Alba Geada, Olga Novo e Ana Pérez. Deseños de Azucena Pérez Souto e Malena Fernández, imaxes adicionais de Vanesa Coucheiro e correccións de Andrea Santiso. Deseño e maquetado de Numax e impresión de Agencia Gráfica. Edición do IEU e da Rede de Museos Provincial da Deputación de Lugo. Lugo, novembro de 2024.

- Publicación do 8º número de ***CAIRÓN. Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns***. (<http://ieu.gal/cairon-boletin-ieu/>). Revista dirixida polo xornalista Daniel Salgado e subvencionada pola Deputación de Lugo. O nº 8 de *Cairón* conta cos seguintes artigos:

EDITORIAL por Daniel Salgado

O CONFLITO DE ALTRI

-“A liberdade da auga”. Conferencia de Joaquín Araújo en Melide. Tradución ao galego: Xulio Cuba Orosa

-“O impacto na saúde dos veciños e traballadores do proxecto GAMA”, autora: Sonia Villapol Salgado

-“O confronto de dúas xeografías: o espazo banal e de recursos fronte ao espazo vivo e de resistencia no conflito de Altri”, autor: Rubén Camilo Lois

-“A paisaxe emocional do Camiño de Santiago na Ulloa”, autor: Francisco Pardo Teijeiro

-“Todo o que cabe nun queixo, nun xerro, nun iogur”, autora: Ana Escariz

HISTORIAS

-“Xénese e consolidación dos concellos constitucionais da Ulloa”, autor: Fernando Salgado

-“Segundo fragmento de Amoexa. Memoria dos cincuenta”, autor: Pepe do Xastre

PATRIMONIO

-“Arredor da toponimia maior do Concello de Antas de Ulla”, autora: Andrea Santiso Arias

CREACIÓN

-“Tres poemas”, autora: Adela Figueroa Panisse

-“Poema. A Ulloa berra non”, autor: Paco Ledo

-“Poema. Terra!”, autor: Toño Núñez

MEMORIA DE ACTIVIDADE DO IEU EN 2024

Autor: Francisco Pardo Teijeiro

- Deseño e publicación de carteis e dípticos:

Deseñados por Azucena Souto (Dú-as):

-Carteis e dípticos da exposición de Peter Kramer *Nos.* (Deseño e maquetación de Azucena Souto e fotografías de Peter Schneider). Febreiro-abril de 2024.

Deseñados por Patricia Coucheiro, Susana Varela, Sara Coello e Antía Montes:

-Cartel, folla de sala, da segunda exposición *Corcosendo*. Pazo de San Marcos, Lugo. Maio-xullo de 2024.

-Cartel, folla de sala, da terceira exposición *Corcosendo*. Castelo de Pambre, agosto-novembro de 2024.

Deseñados por Francisco Pardo:

-Cartel da presentación do libro de Xosé Manuel Lobato *Natureza, camiños, emocións*. 6-4-2024.

-Cartel da conmemoración do *Día das Letras Galegas*. 17-5-2024.

-Cartel da Mesa Redonda Acolida aos refuxiados. Monterroso, 4-10-2024.

Deseñados por Xurxo Mouriño:

-Cartel da excursión botánica ao Río Ferreira. 24-3-2024.

AXUDAS INSTITUCIONAIS

- Subvención da Área de Cultura da Deputación de Lugo para a realización de actividades de interese cultural na anualidade 2024 ao proxecto do IEU "Edición e impresión do Boletín do Instituto de Estudos Ulloáns".

-Subvención da Área de Cultura da Deputación de Lugo para a investimentos en equipamentos culturais na anualidade 2024.

A Ulloa, 12 de xaneiro de 2025



Asdo: X. Francisco Pardo Teijeiro